

GAÑADORA na categoría de PERSOAS ADULTAS

BEATRIZ COIRA RÍOS

CEIP FONTES BAÍÑA, BAIONA

CONTAXIO

Había sitio abondo para aparcar.

–A quen madruga...

–Xa, xa... –dixen fungando sen deixar que Ramón finalizase. Estaba farta do seu refraneiro. Esta vez viña preparada.

Baixamos e achegámonos á porta da tenda de bricolaxe. Aínda non abrira.

–Non por moito madrugar... –apuntei vitoriosa.

Nese mesmo instante, un operario abría as portas. Dirixímonos áxiles cara á zona de madeira para comprar os listóns que precisabamos.

O encargado desa sección ensinounos unha variedade importante, non era sinxelo decidirse por un deles.

–Tanto ten Xan como Perillán! Podemos levar estes que están a bo prezo.

–O barato sae caro –replicou Ramón de inmediato.

–Estes listóns son de boa calidade, iso si, precisan unha cola especial que se vende á parte –apuntou o empregado.

–Vai saír máis cara a salsa que o peixe –fungou de novo Ramón.

–Nunca chove a gusto de todos –repliquei ante a falta doutro máis idóneo.

O empregado ollaba abraiado.

–Mellor este, que é unha marca coñecida, máis vale previr...

–Colle fama e bótate a durmir –repliquei.

O empregado miraba xa coa boca aberta.

–Non te das conta de que eses nos van saír máis caros? Certo é que non hai peor cego que o que non quere ver.

Calei. Non pensaba discutir.

–O que cala outorga –sentenciou mentres collía unha ducia deles e llos daba ao empregado.

–Son 159 €, por favor.

–Deixámolo así –dixo Ramón dando 150 € ao dependente.

O empregado mirouno de arriba a abaixo e, contaxiado polo noso duelo refraneiro, replicou:

–Amiguiños si, pero a vaquiña polo que vale.

Non puiden menos que botarme a rir. Xa se sabe, quen ri o último...